

Salas de exposición do Colexio de Fonseca

14 xullo ao 28 agosto 2021

PIRANESI

Vedute - vistas da Roma antiga
Cárceres



FUNDACIÓN MUSEO DE ARTES
DO GRAVADO Á ESTAMPA DIXITAL



GIAMBATISTA PIRANESI

(1720 - 1778)

Nacido en Venecia, formouse primeiro como arquivista entre 1735 e 1740, para estudar logo co gravador Carlo Zucchi. En 1740 viaxa a Roma, onde se forma como escenógrafo cos irmáns Valeriani ata 1742 e, ao ano seguinte, publica a **Prima Parte di Architetture e Prospective**. Viaxa logo a Nápoles e, en 1744, publica **A vila real Ambrosiana**. Xa en 1745 aparecen as **Varie vedute di Roma Antica e Moderna**. Dende ese último ano vive en Venecia e comeza a primeira serie das **Carceri**.

En 1747 volve a Roma e comeza as **Vedute di Roma**, que o ocuparán o resto da súa vida e comeza asemade as **Antichità romane de' tempi della Repubblica**, que publica en 1748. En 1751 edita **Le Magnificenze di Roma**, en 1752 a **Raccolta di varie vedute di Roma**, e no ano seguinte os **Trofei di Ottaviano Augusto**.

Xa en 1756 comeza a publicar as **Antichità Romane**, en catro

volumes. En 1761 publica os **Carceri e Della Magnificenza ed Architettura de' Romani**, ano no que é elixido Académico de San Lucas. En 1762 edita as **Lapides Capitolini, Il Campo Marzio** e a descrición e deseño do Emisario do Lago Albano. En 1764 aparecen catro obras importantes: **Antichità d'Albano e di Castel Gandolfo, Blackfriars Bridge in London, The Works in Architecture e Raccolta di alcuni disegni del Guercino**. En 1766 finaliza a restauración da igrexa de Santa María do Priorato. En 1769 edita as **Diverse Maniere d'adornare i cammini**. Entre 1773 e 1775 publica as ilustracións **da Columna de Traxano e a Columna de Antonino**, e en 1777 viaxa a Paestum para debuxar os templos: **Pianta di Roma e del Camp Magno e Vasi, candelabri, cippi, sarcophagi**, ano no que inicia as **Différentes vues de Pesto**, pero falece o 9 de novembro en Roma.

En 1792 publícase o primeiro catálogo da súa obra completa.

PIRANESI é, sen dúbida, un dos grandes artistas da historia da **Augaforte** e do xénero das **Vedute (Vistas)**. As súas obras tiñan para el a intención de cambiar a realidade, de restaurar a grandeza pasada. Os seus gravados amosaron realidades inimaxinables e sen precedentes, sempre revelaban algo novidoso, pero conseguiu unha asombrosa variedade, unha gran precisión no debuxo e a vontade de ensinar aspectos descoñecidos ata ese momento. Unha técnica baseada nunhas agudas capacidades de observación, con ousados contrastes de luz e escuridade, con asombrosos ceos que dotaban os gravados de forte poder evocador e de fantasía poética que estimula a imaxinación dos espectadores.

Piranesi cambiou, para toda Europa, o xeito de percibir o mundo antigo e dotouno de carga emocional, condicionando ata hoxe a forma de mirar a Roma antiga. Tiña, ademais, unha formación como arquitecto que dotaba de monumentalidade as vistas, ao que sumaba o coñecemento das

referencias históricas. Gran parte da sensibilidade e da forma de concibir o pasado romano procede, no espectador moderno, da sensibilidade das **Vedute** do autor veneciano, pola súa especial combinación de espazo, contrastes de luz, fragilidade atmosférica e capacidade escenográfica. Logra unha síntese entre a exactitude e a orixinalidade visionaria que dota de vida a Antigüidade. Os seus **Grotteschi** son un exemplo de desenvolvemento creativo audaz, sen limitar o carácter ornamental das imaxes.



Veduta dell'Arco di Costantino, e dell'Anfiteatro Flavio detto il Colosseo

Os **Carceri** son o paradigma da especulación arredor do máis recóndito da consciencia, pero sen esquecer a capacidade de variación creativa e monumental sobre os moitos tipos de escenografía académica. A serie destes **Cárceres** componse dunha portada e quince pranchas, gravados en cobre no seu segundo estado, datado, aproximadamente, en 1761, e reproducidos en fotogravado en papel de fío da casa Guarro para a edición limitada de 75 exemplares realizada no ano 1993 por Edicións Delstre's.

Vedute di Roma disegnate ed incise da Giambattista Piranesi Architetto Ve(nez)iano



Cárcere VII





FUNDACIÓN MUSEO DE ARTES
DO GRAVADO Á ESTAMPA DIXITAL

Lugar de Outeiro, s/n - Artes - Ribeira • 15969 (A CORUÑA) - ESPAÑA ☎ (+34) 981 87 13 42

🌐 www.fundartes.com - ✉ fundartes@gmail.com - 📘 www.facebook.com/Museo-de-Artes-Ribeira